



CARTES
ARTS CONSORTIUM



Erasmus+

CONVOCATORIA DE MOBILIDADE ERASMUS+ (KA107)

2020-1-ES01-KA107-081561

BASES DA CONVOCATORIA

1.- OBXECTO.

No marco do Programa Erasmus+ KA107 o Consorcio CARTES e o CIFP Imaxe e son da Coruña ofertan mobilidades para a Formación Docente (STT) do profesorado.

Obxectivos de CARTES:

- > Contribuír á creación do Espazo Europeo de Ensino Superior.
- > Promover a cooperación entre os centros de ensino superior para así lograr unha internacionalización do ensino que mellore a formación do estudantado.
- > Dar aos centros de artes a dimensión internacional que lle corresponde e destacar a súa importancia para o ben social.

Socios de CARTES:

- Escuela de Arte de Oviedo
- Escuela Superior de Arte del Principado de Asturias
- Conservatorio Superior Música Oviedo
- EASD Antonio Faílde
- IES Audiovisual de Vigo
- Conservatorio Superior de Música de Vigo
- Universidade de Vigo -Facultade Belas Artes
- IES Ribeira do Louro
- ESCRBC de Galicia

- Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón
- Escola de Arte e Superior de Diseño Pablo Picasso
- CIFP Imaxe e Son
- Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo
- IES Puerta Bonita – Madrid
- ESC y Restauracion Bienes Culturales Madrid
- Emprende y Gestiona 2015
- Formacion y Educacion Integral
- Escola Superior de Disseny i d'Arts Plàstiques Catalunya
- Escuela de Arte de Pamplona
- Escuela de Arte y Superior de Diseño de Corella
- ESDCR de Bienes Culturales de Burgos
- IES Néstor Almedros -Tomares (Sevilla)
- Universidad de Sevilla
- Escuela Superior de Arte Dramática de Sevilla
- Real Conservatorio Superior Música Victoria Eugenia



2.- MOBILIDADES OFERTADAS.

2.1_Mobilidades pendentes do curso 2020 – 2021

Este curso 21-22 faremos as catro mobilidades correspondentes ao curso 20-21 adiadas pola Covid.


Os destinos son: Albania, Bosnia, Mozambique e Tailandia.

Información sobre as becas:

- a) Número de becas a cada País de destino.
- b) Institucións ou Escolas que se visitarán durante a mobilidade. A persoa seleccionada poderá concretarse con CARTES a visita a outras Institucións, Escolas ou Empresas.
- c) Número de días.
- d) Cuantía económica.
- e) Datas da viaxe.

PAÍS	Centro formación
	ALBANIA Datas: 12/12/21 a 18/12/21 <u>University of Arts Tirana of Tirana</u> <u>Universiteti Eqrem Çabej Gjirokastrës</u>
1 beca	Nº días 7 Euros 1620

PAÍS	Centro formación
	BOSNIA HERZEGOVINA Datas: 19/01/22 a 26 /01/22 <u>Academy of Fine Arts Sarajevo</u> <u>Logos Centre</u>
1 beca	Nº días 7 Euros 1620

PAÍS	Centro formación	Nº días	Euros
	MOZAMBIQUE Datas: A mobilidade será no terceiro trimestre. O Consorcio CARTES concretará as datas. Universidade Saint Thomas Universidade Eduardo Mondlane.	7	2080
1 beca			

PAÍS	Centro formación	Nº días	Euros
	TAILANDIA Datas: A mobilidade será no terceiro trimestre. O Consorcio CARTES concretará as datas. Rajamangala Univ. of Technology Lanna (RUTL) Chiang Mai University - College of Arts, Media and Technology (CAMT)	7	2760
1 beca			

3.- PERSOAL DOCENTE / ADMINISTRATIVO ELIXIBLE.

Poderán optar ás becas de mobilidade aquí ofertadas:

- O Profesorado dos Ciclos Formativos de Grado Superior que no momento da mobilidade estea impartindo aulas no CIFP Imaxe e son.
- Coordinador de proxectos europeos.
- Equipo directivo.
- Persoal administrativo.

4.- TIPOS E DURACIÓN DAS MOBILIDADES.

As mobilidades ofertadas nesta convocatoria son de Formación docente (STT). O persoal becado disfrutará dunha estancia do número de días indicados en cada caso nunha ou varias Institucións académicas dun país estranxeiro. As actividades principais da mobilidade será:

- Visita aos centros de formación.
- Visitas a empresas.
- Observación de profesionais.
- Aprendizaxe nun taller concreto, etc.

5_DATAS DAS MOBILIDADES.

O persoal do Consorcio CARTES é quen propón e organiza as mobilidades. A cada destino irán, nas mesmas datas, un grupo variable de profesorado elixido entre os diferentes centros de ensino que formamos parte do Consorcio.

6.- FINANCIAMENTO DA MOBILIDADE.

A cuantía de cada mobilidade está especificada no punto **2.- MOBILIDADES OFERTADAS**. O Pago da beca farase a través de cheque nominativo. Ingresarase un cheque do 80% da beca ao inicio da viaxe e outro do 20 % á volta.

7._ SOLICITUDE E ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN

Para optar ás becas de mobilidade Erasmus+ ofertadas nesta convocatoria o persoal solicitante deberá presentar a seguinte documentación na Secretaría do centro antes do 12 de novembro de 2021:

1. Impreso da solicitude e Plan de traballo (**Anexo I**)
2. Acreditación de nivel de idiomas.

A presentación da solicitude implicará coñecer e aceptar o contido da presente convocatoria.

Coa firma da solicitude a persoa solicitante autoriza o uso dos datos relativos a nome, apelidos, DNI, valoracións, destinos solicitados e adxudicados no taboleiro de anuncios e na web do Centro. A disconformidade con este apartado deberá manifestarse mediante escrito que será aportado no momento da presentación da documentación solicitada.

8.- BAREMO

As solicitudes presentadas se valorarán aplicando o seguinte baremo:

CRITERIOS CONSORCIO ARTES:

Nº	Criterio	Puntos
1.	- Antigüidade laboral no centro: (até 20 puntos)	
2.	- Coñecemento da lingua de traballo da mobilidade: (até 20 puntos)	
3.	- Experiencia en proxectos de mobilidade internacional ou de experiencias no desenvolvemento de proxectos educativos de cooperación, metodoloxías: (até	

	20 puntos)	
4.	- Coñecemento do programa Erasmus e/ou colaboración nos proxectos de mobilidade de alumnado: (até 20 puntos)	
5.	- En caso de persoa beneficiaria con algunha discapacidade: (até 10 puntos)	
5.	Outros criterios a seleccionar polo centro en función das súas necesidades e das características das mobilidades dispoñibles (até 10 puntos)	
5.1	Interese do proxecto presentado (até 5 puntos)	
5.2	Primeira participación en mobilidades (até 3 puntos)	
5.3	Necesidades do centro (até 2 puntos)	

Desempates:

- Sorteio.

9.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN INTERNACIONAL.

A selección do profesorado destas mobilidades realizarase en base aos criterios e baremo fixados nesta convocatoria. A resolución da convocatoria será dictada pola Comisión de Coordinación Internacional.

A Comisión de selección estará formado por:

- Un membro do equipo directivo: José Antonio Pérez Paris.
- Responsable de Xestión e control de Calidade: Eva López Gullón
- Responsable de programas internacionais: Carlos L. Oro Claro
- Responsable de FCT: Isabel Romero Barciela
- Dous membros do profesorado: Francisco Negreira e Juan Vales

10.- CALENDARIO E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE MOBILIDADES.

As datas, persoas implicadas e as actividades do procedemento de adxudicación das becas de mobilidade son:

Novembro, 2021

L	M	M	X	V	S	D	Actividade
				5	6	7	5. Publicación da convocatoria
8	9	10	11	12	13	14	12. Presentación de solicitudes de mobilidades e documentación.
15	16	17	18	19	20	21	19. Reunión candidatas/os para a adxudicación de mobilidades.
22	23	24	25	26	27	28	26. Adxudicacións definitivas.

11.- EN CASO DE RENUNCIA Á MOBILIDADE ADXUDICADA.

A renuncia a unha beca de mobilidade xa adxudicada presentarase por escrito na Secretaría do Centro dirixida ao Coordinador Internacional do CIFP Imaxe e Son.

Son causas xustificadas de renuncia:

- Enfermidade ou accidente grave do adxudicatario.
- Enfermidade grave ou falecemento dun familiar até segundo grado.
- Cumprimento dun deber público.
- Calquera outra causa suficientemente acreditada ao xuízo da Dirección do CIFP Imaxe e Son, visto informe do Coordinador Internacional.

As renuncias inxustificadas supoñen unha penalización para o adxudicatario, que perderá o dereito á concesión dunha beca de mobilidade no curso académico inmediatamente posterior ao do curso da renuncia.

12.- TRÁMITES ANTES, DURANTE E UNHA VEZ FINALIZADA A ESTANCIA.

12.1_ANTES:

Unha vez publicada a resolución definitiva da convocatoria os participantes deberán cumprir os trámites previstos. O Coordinador de Programas Internacionais irá comunicando en tempo e forma cada un deles.

Os trámites máis importantes serán:

- Ler a documentación da plataforma virtual Mobilidad Erasmus+.
- Actualizar información sobre actividades derivadas da xestión da mobilidade na plataforma do Consorcio Cartes.
- Tramitar a través da Coordinación de Programas Internacionais do centro a solicitude de permiso á Dirección
- Xestionar os billetes da viaxe.
- Xestionar a Tarxeta Sanitaria Europea (seguir os trámites necesarios para asegurarse da cobertura sanitaria no país de destino)
- Xestionar a través de CARTES un seguro de Responsabilidade Civil que cubra a viaxe e estancia.
- Presentar a folia de datos personais para a elaboración do informe de seguimento do Programa .
- Presentar os datos da conta bancaria para recibir o ingreso da beca.
- Asistir ás reunións convocadas pola Coordinación Programas Internacionais e proporcionar a documentación que sexa requirida.
- Detallar no acordo de formación a información que sexa requerida.
- Firmar o contrato de mobilidade co CIFP Imaxe e Son e/o Consorcio Cartes no prazo que se establezca.
- Xestionar o aloxamento, permiso de estancia, no seu caso, e realizar calquera outra xestión necesaria para asegurar a permanencia no destino durante todo o tempo indicado no convenio da mobilidade.
- Entregar a documentación solicitada na plataforma Movilidad Erasmus+.
- Preparar a documentación que o participante levará ao país de destino:
 - > Carta de admisión do centro de destino.
 - > Acordo de formación.
 - > Certificado de estancia. Visado.

- > DNI /Pasaporte.
- > TSE ou equivalente.

12.2_DURANTE A ESTANCIA.

Os adxudicatarios e adxudicatarias deben comunicar calquera incidencia ou cambio nas datas ou plan de mobilidade acordado no Contrato na maior brevedade posible.

Durante a estancia os participantes deberán:

- Incorporarse ao Centro de destino nas datas previstas.
- Permanecer no destino indicado no convenio da mobilidade.
- Contactar cos responsables de Coordinación Internacional da Institución de acollida.
- Informar da súa chegada ao Coordinador de Programas Internacionais do CIFP Imaxe e son da Coruña.
- Contactar con Institucións e/ou empresas para promover futuros proxectos formativos.
- Contactar con empresas do sector para promover futuras mobilidades do alumnado para facer a FCT.
- Informar das incidencias na maior brevedade posible.
- Actualizar a información sobre a mobilidade na plataforma do Consorcio Cartes cando sexa necesario.
- Cumprir co acordo de formación firmado.

E moi importante solicitar o Certificado do cumprimento da estancia segundo o modelo normalizado, asinado, datado e selado pola persoa e Institución responsable do control da mobilidade da Institución de Destino.

A data de certificación será igual ou posterior á data de finalización da estancia. Non se admiten certificados con data anterior á finalización do período de mobilidade.


12.3_FINALIZADA A ESTANCIA.

Os adxudicatarios e adxudicatarias deben entregar á Coordinación de Programas Internacionais do CIFP Imaxe nun prazo máximo dunha semana desde o regreso: :

- O Certificado do cumprimento da estancia subirase á plataforma do Consorcio Cartes nun prazo máximo dunha semana desde a finalización da mobilidade. O orixinal archivarase no CIFP Imaxe e son.
- Documentación xustificativa da viaxe e da estancia (documento de desprazamento

en vehículo particular, tickets de combustible, tarxetas de embarque, billetes electrónicos, folla de itinerario, facturas de aloxamento, etc.)

- Informe/dossier das actividades desenvolvidas durante a estancia.
- Divulgación do informe final interno entre o profesorado.
- Informe de publicidade da estadía en redes.
- Quedará unha copia no arquivo da Coordinación Internacional do CIFP Imaxe e son para consulta do profesorado.

A photograph of a handwritten signature in black ink on a light-colored document. The signature is a cursive-style name, appearing to be 'Carlos Luis Oro Claro'. The background shows faint horizontal lines, suggesting the document is lined paper.

Asinado: **Carlos Luis Oro Claro**
Coordinador Internacional no CIFP Imaxe e Son de A Coruña

En A Coruña a 5 de novembro de 2021.